



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**ANUNCIO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Muros na sesión do día 12 de xuño de 2017 adoptou o seguinte acordo:

Vista a autorización recibida o día 15 de maio de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a contratación anticipada de socorristas durante dous meses, segundo a subvención solicitada ao abeiro da Orde do 2 de maio de 2017 (DOG nº 87 de 08/05/2017).

Visto que o artigo 14 e 15 desta orde establece que as persoas seleccionadas deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia e a entidade beneficiaria da subvención solicitará o persoal mediante presentación da oferta de emprego na oficina de emprego correspondente.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL APROBA**

1. - Presentar a oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia para a elaboración dunha lista para a contratación de socorristas de praias durante o verán de 2017, solicitando socorristas en espazos acuáticos naturais

**2. APROBAR AS BASES QUE HAN DE REXER O PROCESO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA A SELECCIÓN DE SOCORRISTAS PARA AS PRAIAS, VERAN 2017 A TEMPO COMPLETO.**

**1º. Obxecto da convocatoria.**

Ten por obxecto esta convocatoria a elaboración dunha lista para a contratación temporal a tempo completo mediante contrato de duración determinada de interese social socorristas acuático durante dous meses. A xornada será de luns a domingo cos descansos que establece a lei.

Este proceso quedará automaticamente anulado no caso de que a Consellería de Economía, Emprego e Industria non lle conceda de forma definitiva ao Concello de Muros a subvención solicitada

**2º. Sistema de selección.**

O sistema de selección será de concurso-oposición que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 6 destas bases.



## **CONCELLO DE MUROS**

(A Coruña)

### **3º Requisitos das persoas aspirantes.**

Para a admisión das persoas aspirantes será necesario cumprir os seguintes requisitos xerais :

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 e 57 do RDL 2/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, coa autorización pertinente e non ter cumpridos os 65 anos
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectadas por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións propias do posto de traballo
- d) Non ter sido separadas do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitadas, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- f) Estar inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego no momento de presentar a oferta de emprego e manter esta circunstancia ata o inicio da relación laboral co Concello de Muros.
- g) Estar en posesión certificado de profesionalidade de socorrista en espazos acuáticos naturais ou equivalente, ou estar inscrita no rexistro profesional de socorristas de Galicia segundo o Decreto 104/2012 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ou ter solicitada a súa inscrición e cumprir os requisitos do art. 6 ou da disposición transitoria única do citado decreto ou ter o certificado de profesionalidade de socorrista.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes no día de presentación da oferta no Servizo Público de Emprego e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral temporal, no seu caso.

### **4º. Admisión de persoas aspirantes e relación de persoas admitidas e excluídas.**

Recibida a relación de candidatos/as do Servizo Público de Emprego, publicarase na páxina web a relación de candidatos remitidos polo Servizo Publico de Emprego de Galicia, fixando a data da realización do primeiro exame do proceso selectivo.

Antes da realización desta primeira proba, os aspirantes deberán presentar a documentación acreditativa dos requisitos fixados do punto anterior e DNI, a efectos de ser admitidos no proceso selectivo, en caso de non presentala quedarán automaticamente excluídos do proceso. Así mesmo tamén presentaran a documentación que consideren oportuna a efectos da valoración da fase do concurso, segundo previsto no punto 6 destas bases

### **5. Tribunal cualificador.**



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

5.1 O tribunal de selección estará composto por:

PRESIDENTE: David Pastoriza Fernández; suplente. Ramón Manuel Lago Lago

SECRETARIO: María Trinidad Fernández Caamaño; suplente: Jose Manuel Mayo Priegue

VOGAL: Francisco Abelardo Lestón Lago; suplente: Xuxo Xoan Formoso Rama

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo á Sra. alcaldesa cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando neste concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia da presidencia e da secretaría ou das persoas que legalmente as substitúan.

## **6.-Procedemento selectivo.**

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, quedando decaídas no seu dereito as persoas que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal.

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 17 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación:

O Tribunal publicará todos os acordos na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello de Muros.

**A. Fase de oposición:** Esta permitirá acadar ata un máximo de 12 puntos.

### **a) Primeiro exercicio:**

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de media hora, dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases.



## **CONCELLO DE MUROS**

(A Coruña)

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,5 puntos.

### **b) Segundo exercicio:**

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de 15 minutos, dun cuestionario tipo test de 10 preguntas relacionadas co coñecemento do idioma galego.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e non eliminatorio e a súa puntuación será de 0 a 2 puntos. Cada resposta correcta terá un valor de 0.2 puntos.

De conformidade co establecido no art. 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos da realización deste exame as persoas que acrediten a posesión do certificado Celga 2 ou documento equivalente, obtendo a cualificación de 2 puntos.

### **B.- Fase de concurso de méritos:**

Rematada a fase de oposición realizarase a fase de concurso. Esta permitirá acadar ata un máximo de 5 puntos e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

A experiencia laboral na mesma categoría que deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de vida laboral e copia dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha administración pública, as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio do certificado da administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente.

#### **a) Experiencia profesional:**

Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes: 0,20 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 3.5 puntos.

#### **b) Formación:**

Por cursos de formación impartidos por administracións públicas, entidades dependentes destas, centros oficiais de ensino ou entidades privadas, homologados por calquera administración Pública e relacionados co posto de traballo, ata un máximo de 1.5 puntos.

- a) Técnico/a medio ou superior : 1 punto.
- b) Cursos de máis de 200 horas: 0,60 puntos.
- c) Cursos de 100 a 200 horas: 0,40 puntos.
- d) Cursos de 50 a 99 horas: 0,20 puntos.



## **CONCELLO DE MUROS**

(A Coruña)

- e) Cursos, de 10 a 49 horas: 0,10 puntos.
- f) Xornadas, etc. nos que non figure o número de horas: 0,05 puntos.

### **7º Resolución.**

Concluído o proceso selectivo, o tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada un das persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do Concello, establecendo un prazo de dous días para presentación de reclamacións, no caso de existiren estas reunirse novamente o tribunal para resolvelas. A cualificación obtida polas persoas aspirantes será a resultante da suma dos puntos obtidos nos diversos apartados do punto 5 destas bases.

Estas listas poderán empregarse para cubrir as necesidades do Concello de ocupar postos de traballo de similares ou iguais características, sen necesidade de que teña que volver a reunirse o tribunal.

O tribunal cualificador elevará proposta de contratación á alcaldesa do Concello, a favor das persoas aspirantes que obtivesen a puntuación máis alta por orde decrecente. No caso de empate este desfarase por maior puntuación na experiencia laboral, e en caso de persistir este por maior puntuación en titulación, formación, e antigüidade como demandante de emprego respectivamente.

A comunicación da selección do/a candidato/a poderá realizarse telefonicamente, e no caso de que rexeite a contratación deberá comunicalo por escrito nun prazo máximo dun día natural. Se o/a candidato/a rexeita a contratación e non o comunica debidamente, o funcionario ou funcionaria que realiza o chamamento poderá realizar unha dilixencia en tal sentido de renuncia do/a candidato/a.

### **8º Incidencias.**

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo, en todo o non previsto nas bases, así como, para a interpretación destas.

### **9. Normativa aplicable.**

O proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

### **10. Recursos.**

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-



## **CONCELLO DE MUROS**

(A Coruña)

Administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contaránse desde o día seguinte á publicación da resolución.

Si se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, vostede pode entender desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

### **ANEXO I . TEMARIO**

Tema 1. O Concello de Muros. Xeografía. Organización territorial e toponimia.

Tema 2. Previr accidentes ou situacións de emerxencias nas praias.

Tema 3. Rescate de persoas en caso de accidente ou situación de emerxencia en espazos acuáticos naturais.

Tema 4. Primeiros auxilios.